

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA NOVE DE XUÑO DO DOUS MIL VINTE: -----**

**EXPTE. NÚM. 2020001614**

**PRESIDENTE: Telmo Martín González**

**CONCELLEIROS/AS:**

**Juan Antonio Deza Otero  
María Paz Lago Martínez  
Daniel Arosa Dasilva  
María Deza Martínez  
Marcos Guisasola Padín  
Flavia Besada Otero  
Oscar Vilar Sartages  
Jaime Leiro Otero  
Paula Martínez Santos  
Ainhoa Fervenza Celestino  
Marta Caneda Prieto  
Fernando Otero Montes  
Sandra Fernández Agraso  
Andrea Ucha Bouzada  
Yago Torres Pérez  
Vanessa Rodríguez Búa**

**INTERVENTOR:**

**José Juan Vidal Vilanova**

**SECRETARIO:**

**Angel Luis López Pita**  
=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as trece horas e trinta e seis minutos do día nove de xuño de dous mil vinte, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres./as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, **solicitado por seis concelleiros/as do Concello de Sanxenxo**, (Sra. Fervenza Celestino, Sr. Otero Montes, Sra. Caneda Prieto, Sra. Fernández Agraso, Sra. Ucha Bouzada e Sra. Rodríguez Búa) convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.----

-----  
-----



## **1º) QUE SE SOLICITE MEDIANTE CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN EN SANXENXO DE CURSOS FORMATIVOS E A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE NA ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES.**

### **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Quero lamentar o ocorrido no inicio do pleno anterior, pero creo que é resultado da impotencia que teñen as traballadoras deste servizo, porque en ningún momento se lles deron explicacións, nin houbo reunións co alcalde e co concelleiro. En canto aos motivos que nos traen aquí, este pleno solicitouse polos tres partidos que nos encontramos agora mesmo deste lado fisicamente, por solicitude expresa das traballadoras, que vían como se estaba barallando a posibilidade de privatizar o servizo. En canto a celebración deste pleno hai dúas cuestións importantes que se deben diferenciar, por un lado está o fondo e, por outro, as formas, na miña primeira intervención quería falar do fondo, sobre se a privatización é algo bo ou malo, creo que todos podemos ter as nosas opinións, que poden coincidir ou non, mesmo puideron verse influenciadas polo resultado da xestión privada do sector das persoas dependentes, evidenciado na crise sanitaria que aínda estamos a vivir, pero non pretendo abrir un debate ideolóxico sobre esa cuestión neste momento, senón examinar as circunstancias do cada caso concreto que nos ocupa, o SAF de Sanxenxo e o seu problema é a falta de persoal e as consecuencias que se derivan para a organización do servizo e o que se lle esixe ás traballadoras que, ao final, son as que teñen que suplir esta falta de persoal e, ante esta situación, Telmo Martín e o seu equipo pasan o problema a unha empresa privada, este é o gran xestor que temos ao mando, como se pode explicar que unha empresa privada preste o servizo mellor que o Concello de Sanxenxo, cando a diferenza do Concello, que ten a única preocupación de prestar o servizo, a empresa privada ten que sacar una rendibilidade económica, como unha empresa privada se vai encontrar persoal para traballar e, sen embargo, Telmo Martín, non. No expediente elaborado polo grupo de goberno non existe un só documento que analice as vantaxes que aconsellen a privatización, os informes técnicos limítanse a cumprir os requisitos legais, facer unha valoración económica e legal de se a lei permite a privatización, pero non estamos a falar de se a lei o permite, senón se convén para o caso de Sanxenxo e, sobre iso, non hai ni unha soa palabra en todo o expediente, tan só referencias dun informe da responsable do servizo, que se limita a dicir que encontra algún déficit de persoal e que, polo tanto, non se pode prestar o servizo e recomenda a súa privatización, sen aportar ningún tipo de solución a maiores, non hai máis xustificación que esa, o que extraemos do expediente e que o beneficio para o concello, dubidoso por outra parte, só será ese suposto mellor funcionamento do servizo, estamos a dicir que unha empresa privada o vai xestionar mellor que Telmo Martín e o seu equipo, recoñecendo a incapacidade destes gobernantes. Aprobando a privatización recoñecedes que sodes incapaces de xestionar, preguntando para que estades aquí e esperando que nas vosas quendas de resposta, contestedes. O que se está claro dos informes e da documentación son as desvantaxes para o concello, o custo adicional do servizo pola porcentaxe de gastos xerais, que se establece no estudo de viabilidade nun 10%, cando a lei non establece ningún, aínda que o normal é que se axuste ao mercado para as concesións de obras, que é un 17%, engadindo a do beneficio industrial, que sitúan nun 5%, en vez dun 6%, que sería máis recomendable, estaríamos, como mínimo, ante un aumento do 15% de gastos xerais e beneficio industrial, ao que haberá que engadir o



IVE, ao tratarse dunha empresa privada, un 10%, un sobre custo que se eleva, como mínimo, a un 25%, que aforrariamos facendo a xestión polo Concello, algo que saben perfectamente, é máis, noutros tempos, o mesmo goberno del PP utilizou este argumento para facer precisamente o contrario, na época do plan de axuste, para absorber Samil, pasouse dunha xestión indirecta a unha directa, precisamente para aforrar diñeiro aos veciños de Sanxenxo, case medio millón de euros, naquel momento había que aforrar diñeiro e agora hai que aforrar dolores de cabeza e traballo aos concelleiros. En canto ao servizo, os números baséanse nas horas prestadas no 2019, 26.900, o que supuxo un gasto para o concello de 458.267,61 €, se a esta cantidade sumamos o 10% de gastos xerais, o 5% de beneficio industrial, máis o 10% do IVA, nos encontramos cun total de 579.774,21 €, un sobre custo de máis de 121.000 euros, ademais, se se levase a cabo a previsión, planteada no informe de viabilidade, de ampliar as horas prestadas, ata un total de 25.800 horas máis, estaríamos ante un gasto de 1.135.000 €, cun sobre custo de máis de 230.000 €, preguntando se non vale a pena xestionar directamente para aforrar este sobre custo aos veciños? Porque gobernar significa xestionar, non derivar responsabilidades noutros e botar balóns fóra, á conta de incrementar os custos. En canto á disquisición semántica que plantexaba o concelleiro sobre que intentábamos enganar desde a oposición á opinión pública, dicindo que estaban intentando privatizar un servizo e que iso non era certo, porque o que están a facer é unha xestión indirecta, recomendaríalle que lese o dicionario da RAE, donde dí que privatizar é transferir unha actividade pública ao sector privado e iso é o que se está facendo agora. Estamos ante unha decisión que o grupo de goberno tomou seguindo o seu criterio de oportunidade, sen querer sequera escoitar á oposición e as traballadoras e, o máis grave de entender, sen dar xustificación algunha dos beneficios da privatización, nin análise de que a privatización vai supoñer un mellor servizo para os usuarios, estando claro que supoñerá un incremento considerable do seu custo, se o diñeiro que va a custar a maiores privatizar o servizo, se empregase en mellorar as súas condicións, a situación laboral das traballadoras e ampliar a plantilla, con toda seguridade lograríase prestar un mellor servizo e a un menor custo, pero, para iso, hai que pensar en solucións, atender as traballadoras e escoitalas, porque saben perfectamente os problemas que ten o servizo. O grupo de goberno está para xestionar, non para escorrer o bulto e derivar responsabilidades privatizando servizos, porque solucións existen, pero hai que ter ganas de buscalas. Desde a oposición e facendo un exercicio de responsabilidade, aportamos dous exemplos en forma de puntos deste pleno, que poderían ser unha posible solución, a posibilidade de concertar coa Xunta un convenio para establecer ciclos formativos e certificados profesionais en atención sociosanitaria a persoas dependentes ou mesmo chegar a un acordo coa Consellería de Educación para impartir un ciclo medio de atención a persoas en situación de dependencia no Instituto de Educación Secundaria de Vilalonga, con iso axudaríamos a paliar o problema da falta de persoal que temos, preguntando se teñen, polo menos, intención de valorar estas iniciativas.

### **Sr. Presidente:**

Pregunto se algún máis da oposición quere dicir algo, xa que a señora Rodríguez falou once minutos e eu deixei porque entendo que entre vostedes repartíronse cada punto, o que non vamos a facer en cada punto é falar catro persoas, dez minutos cada unha. Como comprenderan non teño ningunha présa, pero paréceme que é un aburrimiento escoitar a catro persoas durante corenta minutos falando, engadindo que fun moi



xeneroso coa señora Rodríguez.

**Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Vou a falar menos e sobre o punto que estamos debatendo, que é unha boa solicitude e estou a favor, creo que todo o que sexa formación e máis preto nosa, para que os interesados poidan formarse, mellor.

**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:**

Teño un lema no meu paso pola política e, polo tanto, tamén polo goberno, tentar deixar o servizo da miña competencia mellor de como o collín, aínda que só fose un pouco. Non vou negar que existe un problema no SAF, non de agora, de sempre, nin que é un servizo moi complicado de levar, por todas as complexidades que ten e, nestes puntos, propoñemos solucións, tanto a curto como a longo prazo. Atopamos no informe da técnica municipal, que se contrata unha empresa privada para os dous últimos anos por un contrato menor, para incidencias, ante a falta de medios propios, pola dificultade para encontrar persoal cualificado, entendendo que o problema maior é a falta de medios humanos, lembrando as palabras do Sr. Alcalde nun pleno municipal, cando dixo que a privatización era o mellor, porque podía contratar a persoal non cualificado, cousa que sería totalmente ilegal, se non se consegue persoal cualificado, que lle fai pensar que á empresa privada se o vai a conseguir, significa que vostede quere dar ese servizo con persoal non cualificado? Vai permitir, como Alcalde de Sanxenxo, que os servizos se impartan por persoal non cualificado, alentando á empresa que puidese gañar este concurso a que faga isto? Din vostedes que para mellorar o servizo adoptaron medidas, como o incremento salarial, o que é mentira, saben perfectamente que foi pola dispoñibilidade das gardas, tamén é mentira o ampliar o horario das auxiliares, só foi no verán, pasado este volveron a ter o horario de antes, aínda que algunhas estarían encantadas con subir en horas, non estou dicindo que esa sexa unha boa solución para a particularidade do servizo, tan só estou desmontando as falacias do informe. Fixeron unha auditoría externa e que medidas das recomendadas por esa auditoría levaron a cabo, ou xa se foi directamente a non pasar traballo e privatizar. Falan da contratación dunha empresa externa, como dicía antes, por contratos de 15.000 €, en 2018-2019, lembro que na época que fun concelleira do servizo tiven que recorrer a unha contratación puntual, nos meses de xullo e agosto, de auxiliares dunha empresa privada e a experiencia con ese persoal, para min, foi nefasta, tiven moitísimos problemas. A falta de persoal cualificado non a soluciona a privatización do servizo e non esquezo que esta competencia é un servizo autonómico e que é moi cómodo para a Xunta de Galicia mirar para outro lado, cargándolle todo o problema aos concellos, é curioso que neste servizo non se actúe de inmediato por parte da Xunta para solucionar a problemática da carencia de persoal cualificado e, en cambio, se se actúa cando falamos de socorristas, moi necesarios para as praias, pero aquí non artellan a maneira e nós, con este punto da orde do día, buscamos máis persoal cualificado do que poidamos dispoñer, non só en Sanxenxo, senón en moitísimos outros concellos que teñen esta problemática. Este informe técnico está, con todos os respectos, baixo a impresión parcial e subxectiva dunha traballadora, que debido a un problema que non vamos a negar que existe, non pode facer o seu traballo de seguimento e intervención social nos domicilios, algo que é



competencia dela e que ten que facer, aí está o segundo problema deste servizo e tamén estaría unha das solucións, a xestión horaria do persoal do SAF non ten porque ser responsabilidade da traballadora social, esta xestión pódese facer perfectamente por persoal laboral e que a traballadora social desempeñe as funcións propias do seu posto. Antes non había posibilidade de contratación do persoal polo plan de axuste, pero agora non hai ningún problema para esas contratacións anuais, cando estabamos nós había que ir a bolsa de emprego e non podían ser repetitivas e eu levo tres anos vendo as mesmas caras en certos departamentos. Polo tanto, antes de destrozar e deteriorar un servizo municipal hai que buscar solución, non é fácil nin inmediato, pero hai solucións, pero para iso, hai que traballar un pouco, señor Arousa e se traballase, como ben dicía o lema da súa campaña, hai resultados, non se escuden nun informe técnico, pois é unha valoración técnica, mais esto, como ben di o interventor no seu informe, non obedece a criterios técnicos, senón que é “unha decisión que corresponde exclusivamente avaliar, propoñer e no seu caso acordar, aos órganos de goberno competentes desta corporación”, e dicir, é unha decisión política e, por moito eufemismo que utilice, só ten un nome, privatización. Privatizando saben que a empresa gaña cartos a costa do servizo, pregúntelle ao persoal das escolas infantís senón viron mermados os seis dereitos coa privatización, tiveron que ir ata a xustiza en dúas ocasións para defender o seu convenio e os seus dereitos, a privatización sempre vai gañar cartos, moitas veces é a costa dos traballadores e dos seus dereitos e outras veces a costa de reducir o material, tamén os que traballamos na privada sabemos como é isto, canto duran as luvas na pública e canto duran na privada, non colle de sorpresa a ninguén. Sen falar de como se pon un pleno extraordinario por vostedes para privatizar e, agora, o segundo para escoitar a oposición, nun pleno onde hai propostas e non é todo criticar e, curiosamente, quitan o primeiro punto da orde do día, onde falabamos da idoneidade do concelleiro, cando uns meses atrás falabamos da idoneidade do posto do alcalde, Telmo Martín, iso se puido estar no pleno e, agora, mandan unha nota de prensa falando de que non se lle pode reprobar. Eu invito ao Señor Secretario a que consulte as actas de novembro do ano 2008, onde o PP, a min e a dous compañeiros meus, reprobounos por facer unha rolda de prensa criticando o mal servizo, nese momento, do centro de día. Polo tanto, se a vostede non se lle pode reprobar, a min tampouco, polo que espero que desde secretaria subsanen todo iso.

### **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:**

Para empezar, quizá un pouquiño de estilo non lle habería vindo mal señor Telmo, que necesidade había de convocar ese pleno antes deste, que falta de estilo, non lle caracteriza iso, ademais sei que non lle gusta nada. Ás veces teño a estraña sensación de que estamos a falar cun neno que lle deixamos un xogueteño, que é o concello de Sanxenxo, para despois poñer disfraces e manipule a todos os que estamos hoxe aquí. Con respecto ao primeiro punto que obviaron, a declaración do señor Arosa, dúas alusións, Como se sente sentándose aí sabendo que está a cobrar un soldo que realmente non lle corresponde? porque non ten coñecemento, non ten actitude de aprendizaxe, sabendo como lle trata o seu propio xefe, que non é o seu compañeiro de partido como dixo antes, é o seu xefe ou o seu líder, el distribúe e fai que levantedes a man cando considera oportuno. E é para iso para o que lles utiliza. Hai moitas persoas nesa bancada que queremos porque somos todos veciños e veciñas, e aínda así ás veces cústame entender como permitides que se vos trate e manipúlevos como marionetas, é unha cousa que me chama moitísimo a atención. Ao señor Martín dicirle



que sempre tiven un gran respecto a o que é a figura administrativa do alcalde, é unha figura que é responsable, unha figura da cal dependen moitísimas das calidades das vidas das persoas que aquí vivimos, depende de como tome unha decisión ou non a tome, como nos vai a afectar, en que condicións déixanos esa decisión. E con todo, cada vez téñolle menos respecto a unha persoa que é capaz de manipular, de mentir cando non lle interesa o que está a escoitar, de xogar a ser un neno, porque ao final o que fixo é unha travesura, e así se entende, como unha burla, unha burla a todos os que estamos aquí, pero non só aos que estamos aquí, tamén ás persoas que lle votaron a vostedes, non deixa de ser unha falta de respecto aos veciños e veciñas. O que é a privatización do servizo do SAF, non é máis que un recoñecemento da incapacidade real de xestionar, non é máis nada que iso e os que traballamos na empresa privada sabémolo. Existen capacidades e existen incapacidades e neste caso rodeouse dun equipo moi pouco capaz, e como é moi pouco capaz, vostede non pode xestionalo todo, e como non pode xestionar entón decide privatizar. E non vai privatizar só isto, leste é o primeiro paso para seguir privatizando, todos o sabemos. Esta capacidade que ten de levantar o ánimo de todo o mundo; da policía local, dos traballadores de servizo, dos servizos de limpeza... de todos. De cabrear, de sentir impotente. Esa é a capacidade que lle vai a quedar a todo o mundo de vostede, a capacidade de xerar discordia, a capacidade de levantar cemento e a capacidade de saír en prensa vendendo fume. Ninguén vai dicir que vostede foi o mellor alcalde nunca, o único que lle vai a quedar é o alcalde do cemento, que o alcalde que saíu na televisión dicindo que ía facer cosas pero que logo non se facían, e se se facían facíanse mal, iso é o que vai quedar. Privatizar un servizo destas características é deixar aos nosos maiores agora mesmo en mans dunha empresa que non lle ten o agarimo nin o afecto que lle teñen as persoas que aquí traballan. Eu traballo nunha empresa privada e ten que ter unha conexión interna, eu se como se traballa desde unha empresa privada e se o que hai na administración pública. Na administración pública o que rexe non é o beneficio económico, o que rexe é o servizo á cidadanía, e partindo dese servizo á cidadanía é onde temos que ir para unha novo paradigma, que é estar sempre ao lado das persoas que máis o van a necesitar; que van ser os nenos, que van ser as persoas con discapacidades, diversidade funcional. Temos que pensar que desde a administración é desde o único lugar onde nós como colectivo, como sociedade, imos seguir progresando. Entón, privatizar implica darlle ese poder a unha empresa, a unha persoa que dirixe unha empresa, que pode ser boa, que pode ser mala, máis egoísta, máis avariciosa, pode ter en conta ás persoas que para el traballan ou non, porque o único que lle interesa é o beneficio económico, é lícito, porque unha empresa está para gañar diñeiro. Non temos tampouco que poñerlle táchaa de inmoraís ás empresas, non se trata diso, trátase de que estamos a falar de servizos que realmente son paradigmas dunha sociedade, e que debemos protexer. Así que como non se pensa en privatizar nin a sanidade, polo menos publicamente, nin se pensa en privatizar o exército. O que temos que facer é protexer, non privatizar.

### **Sra. Rodríguez Búa:**

Simplemente reitero que me gustaría que contestase as preguntas que formulamos desde a oposición, entre elas a que formulei eu mesma sobre senón estades a xestionar, entón non entendo que facedes á fronte deste servizo, se se van a ver minguadas as retribucións do concelleiro, que vai ver mermado moito a súa cova de traballo, e sobre todo se tedes intención de atender ás peticións que fixemos en forma de puntos e nas



que entendemos que estamos a dar unha posible solución para o problema real que hai aquí que é a falta de persoal, se polo menos tedes intención de valoralo.

### **Sra. Fervenza Celestino:**

Volvo a dicir que eu coñezo o mundo da empresa privada e sei que non temos máquinas para xerar títulos, se vostedes non atopan persoal para contratar, a empresa privada tampouco. Entón, unha de dúas, ou xeramos e propoñemos desde aquí que se produza ese cambio para que existan persoas que poidan traballar ou estamos atados a un desenlace fatal, porque realmente non vai haber persoal para traballar. Senón hai na actualidade, que realmente está complicado, non o vai a haber nun futuro e a empresa privada non o vai a ter, e non o vai a ter porque van pagar menos do que están a pagar agora. Por tanto, dicir que vai vir xente de Santiago, de Pontevedra ou de Vigo é de tolos. Non se trata diso, trátase de que temos que xerar desde aquí as oportunidades para que moitas persoas poidan ter esta titulación, que ademais é unha titulación que a imos a necesitar porque a pirámide demográfica abócanos a iso, o baby boom que somos unha xeración moi grande de persoas imos facernos maiores. Entón, cando nos fagamos maiores imos necesitar moitas persoas que nos coiden, temos que xerar esa oportunidade para as persoas mozas e para as que non son tan novas darlle a opción de traballo. Por tanto, con respecto ao momento dous que é que se solicite mediante convenio pola Xunta de Galicia para a realización en Sanxenxo de cursos formativos e a obtención de certificado de profesionalidade na atención sociosanitaria a persoas dependentes, eu creo que o seu sería que estivésemos todos de acordo e que aprobásemos este punto para propoñerlle e facer o camiño máis fácil para que a Xunta deses certificados de profesionalidade e que exista esa xente coa titularidade para poder traballar niso

### **Sr. Secretario:**

A decisión de non incluír o punto na orde do día foi da alcaldía e eu non estou aquí para reprobar ao alcalde, eu estou aquí para asesorar cando se me solicite. Neste aspecto concreto do que estamos a falar, a posibilidade de incluír ou non ese punto na orde do día podía darse perfectamente a través dunha determinada interpretación, que é a que se seguiu aquí ata o de agora e, tamén pode darse a posibilidade dunha exclusión en base ao artigo 78.2 do ROF, que dá esa posibilidade e que mesmo está sancionada xurisprudencialmente para un caso moi similar. Por iso, e máis nada que por iso, foi polo que eu, en ningún caso, puiden ter que asesorar nese sentido á alcaldía.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 7 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Abstencións: 0.**



En consecuencia, non se aprobou que se solicite, mediante convenio coa Xunta de Galicia, para a realización en Sanxenxo de cursos formativos e a obtención do certificado de profesionalidade na atención sociosanitaria a persoas dependentes.-----

## **2º) QUE SE SOLICITE Á CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN A INCURSIÓN NO PRÓXIMO CURSO DO CICLO MEDIO DE ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO INSTITUTO DE VILALONGA.**

### **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Este é o goberno que temos en Sanxenxo, todos coincidimos en que o problema é a falta de persoal, por parte da oposición, con moita diferenza á oposición que no seu día realizou o PP ao goberno que eu formaba parte, aquilo non era unha oposición construtiva, desde logo, nós asumindo o noso papel de oposición construtiva, non vimos aquí a criticar, senón que vimos aquí a expoñer democraticamente un debate, mesmo a propoñer solucións e o goberno de Sanxenxo non propón solucións, non xustifica a súa opción, pola peor opción, que é a privatización e, aínda por encima, nin sequera pronúnciase sobre o que propoñen os demais, nin para apoialo nin para desapoialo, votamos en contra e non abrimos a boca, que pasa, que non tiñan previsto ese punto? Non tiñan tempo de prepararlle un discurso ao concelleiro para este punto? Non é unha sorpresa, isto leva tres meses exposto, non entendo por que non formulades a vosa opinión, polo menos sobre isto. Privatizades, non dades explicacións e, cando propoñen solucións a un problema que todos recoñecemos que existe, tampouco vos pronunciades, votamos en contra e xa está, que para iso está a maioría absoluta, para facer o que nos dá a gana e non dar explicacións. Estas son, cando dicía ao principio da miña anterior intervención que había dous temas, o fondo e as formas, pois aquí temos as formas, outra mostra das formas do goberno de Sanxenxo e hai que recoñecer que non puideron ser peores, o nove de marzo solicitouse por parte da oposición un pleno para tratar a idoneidade da privatización do servizo, un pleno que, como todos sabemos, quedou suspendido pola situación do COVID. A semana pasada, desde o goberno, suxeríronnos que ante a falta de normalidade da situación, polo tema das medidas de seguridade do COVID e demais, era mellor aprazar o pleno, que mellor renunciásemos á súa celebración por agora e esperásemos a que a situación se normalizase de todo, para poder solicitar de novo o pleno e celebralo. Tras analizar a situación coas compañeiras da oposición e tendo en conta que este tema levaba esperando máis de tres meses, nos que ademais estas traballadoras do SAF foron dos sectores máis expostos ante a crise sanitaria e máis cumpridores, a pesar das circunstancias, consideramos que sendo o único problema o do distanciamento social, pois que se solucionaría podendo facer o pleno no Emilio Pardo Bazán e así, nós solicitamos por escrito á celebración do pleno no Emilio Pardo Bazán, de forma que se puidesen manter as distancias de seguridade e garantir que a xente puidese acudir ao pleno, se así o desexase, en concreto, as propias persoas que forman a plantilla do servizo afectado. O Alcalde nin sequera respondeunos ao da solicitude de Emilio Pardo Bazán, sen embargo, o que nos atopamos, foi unha convocatoria para o pleno no salón de plenos do Concello e que, ademais, xusto antes, celebraríase outro pleno. Un novo, de forma urxente e en extremis, para aprobar a privatización do servizo, sen sequera dar lugar ao debate, de feito, unha mostra de que o pleno se celebrou desa forma tan abrupta é que nin houbo comisión previa, na que se explicasen os puntos que o grupo de goberno ten intención de levar a pleno, non existiu





esa comisión previa e, de feito, no anterior pleno, tiveron que votar a urxencia, que por certo non xustificaron, iso que significa? Que nisto había outras intencións, pero ao manter nós a solicitude de pleno, todo se acelerou e acelerouse porque o Alcalde, xa non é que non queira escoitar a oposición, xa deu mostra no anterior pleno de que non quería deixarnos falar, aínda que era mais cómodo por internet, cortando a voz, aquí será máis complicado, tampouco quere que falen os traballadores, nin os veciños, isto é o que temos no Concello de Sanxenxo. Polo tanto, que problema había con celebrar o pleno no Emilio Pardo Bazán? Cal era o problema? Por que non se nos contestou? Telmo Martín, como ben dicía, non quere que as traballadoras poidan asistir ao pleno, nin que falen e só da mostra de querer silenciar á oposición, aos veciños e aos traballadores. En canto á convocatoria do pleno anterior é unha total falta de respecto e proba de despotismo, que necesidade hai, aínda por encima, de quedar mal señor alcalde, que necesidade? Xa sabemos que vostede ten a maioría absoluta, se quere privatizar, por desgraza, vai privatizar, pero non gardar as aparencias, iso non é propio de vostede, non disimular sequera que non quere escoitar á oposición, ás traballadoras, aos veciños, non é propio de vostede, de que ten medo? Por desgraza as traballadoras do SAF, quizá xa están resignadas e, dende á oposición, somos conscientes de que coa maioría absoluta pouca marxe de actuación nos queda, pero se nin sequera vai escoitar os nosos argumentos, para ao menos valoralos, que é o que están facendo vostedes? Creo que esta oposición e eu en concreto, din reiteradas mostras de que aquí veño a axudar aos veciños e a facer unha oposición construtiva, que como ben dicía, moi diferente, desde logo, á que vostedes nos fixeron a nós mentres gobernamos, o trato que estamos a recibir ultimamente e mais propio dun cacique ou dun déspota, que dun alcalde democrático, supoño que vostede xa se cansou de disimular e que a maioría absoluta acabou por revelar a súa verdadeira natureza, a de un verdadeiro déspota. Polo tanto eu creo que as conclusións que se deben sacar dos feitos ocorridos aquí hoxe e primeiro, que o mal funcionamento de servizo é un problema de xestión, non é unha falta de compromiso por parte das traballadoras, que ademais, nestes últimos meses, especialmente, demostraron estar á altura das circunstancias máis comprometidas, quen paga é o grupo de goberno, quen paga é o alcalde, quen paga é o concelleiro e, sen embargo, quen pagaran as consecuencias serán as traballadoras e os usuarios. Outra conclusión que podemos sacar é que se va a aumentar os costes dun servizo para o conxunto dos veciños, un mínimo dun 25%, sen garantía algunha de que dita privatización vai a redundar en beneficio dos veciños do concello e, moito menos, para as traballadoras e os usuarios. Ademais esta decisión tomouse case de forma ditatorial polo alcalde e os seus satélites, sen dar xustificación algunha de porque esta é unha decisión que vai no beneficio do conxunto dos veciños, levantando a man e votando a favor da privatización, cada un dos membros do goberno está levantando e dicindo “son un incapaz”, demostrando abertamente a vosa incapacidade de xestión, se o goberno está para xestionar, a negación desa xestión é unha derrota evidente, un recoñecemento da súa incapacidade, é o que ocorreu aquí claramente.

### **Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Sobre o punto número dous, de solicitar á Consellería de Educación a inclusión no próximo curso do ciclo medio de atención as persoas en situación de dependencia no Instituto de Vilalonga, creo que vai a ser un pouco imposible, polo tema do COVID, aínda non sabemos fixo como vai ser o curso próximo, pero bo, que problema hai en solicitar, se



solicitar non custa nada, igual que me parece increíble no primeiro punto, só pon solicitar, que mal lle fai aos veciños, que mal lle fai ao Concello de Sanxenxo, solicitar un convenio coa Xunta, que colabore a Xunta, para pedir o que se está pedindo aquí, que é unha cousa moi boa para os veciños, que a xente poida estar preparada, que é realmente o que estamos pedindo, para que coiden aos nosos pais e avós, que sexan persoas preparadas, e que mellor que facilitarillo na nosa proximidade, que non teñan que ir a outros pobos, non entendo como non se votou que se a isto, só é solicitar unha cousa, se vén denegada pois vén denegada, só solicitala, que non custa nada. No segundo punto, aínda que creo que vai ser difícil que o poñan, pero polo menos, por solicitar as cousas que non sexa, estou o favor de que se solicite.

**Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:**

Deixar claro que a solicitude foi antes do COVID e, ademais, como dicíamos, había medidas a curto prazo, que era a medida anterior e unha medida a longo prazo, que sabíamos que non era inmediata, que era esta medida, antes de saber, de ter coñecemento desta pandemia. A nosa convocatoria de pleno extraordinario era poñer sobre a mesa un debate necesario sobre a decisión política de privatizar ou non o SAF e que, dentro de cada ideoloxía, de cada grupo, argumentácese e debatésese, esa sería a maneira transparente e democrática de facelo, unha política sa. Non entendemos e pareceunos bastante rastreiro, sinceramente, poñer un pleno onde se ía a privatizar e, logo, iamos a falar de todo isto, mesmo, como dixo a compañeira Vanesa, uns días antes, instándonos a anular o pleno e volver a solicitalo, porque claro, non había garantías e, agora, se hai garantías, para o noso e para o seu anterior, pareceríame mal se fose no mesmo día, pero se o pon a posteriori, non tería esta crítica, primeiro debatamos e, despois, tomen vostedes as medidas necesarias, poñelo antes me parece rastreiro e me parece dunha baixeza bastante asquerosa, porque non dicilo. Estas medidas que, tanto a anterior como a de agora, nós estamos a propoñer, non é por mal, é por ben, é máis, aínda que se private, son medidas necesarias, porque non hai persoal suficiente, sexa municipal ou sexa de empresa privada, polo tanto son medidas totalmente necesarias, son medidas que deberían valorar e son medidas que deberían solicitar á Xunta de Galicia, que, insisto, é quen ten as competencias deste servizo. Polo tanto está ben que vostede poña solucións, pero tamén está ben que vostede esixa a quen ten a competencia, que busque ás solucións. Como dicíamos, posibles solucións, esta a longo prazo, bo, non tan a longo, en dous anos, tres anos, deberíamos ter unha fornada autóctona de persoal cualificado, dende logo tamén sería unha alternativa máis para o estudo dos nosos mozos, non só do Concello e diso tratábase, de buscar alternativas, de poñer propostas encima da mesa, de buscar solucións, non era un pleno da bronca pola bronca, era un pleno, dende logo da nosa parte, construtivo, facer algo. Señor Arosa, ten vostede a dedicación exclusiva máis cara de Servizos Sociais na historia do Concello de Sanxenxo, 36.000 €/ano e tamén vai pasar a historia como o concelleiro incapaz de levar o servizo e que vai a desmantelar un servizo público, sen nin sequera intentalo, que vai a privatizalo, no ano que vai de concelleiro só tivo unha reunión coas traballadoras, cando se presentou y cando lles dixo que vostede non tiña nin idea do servizo, non estou criticando esta frase é máis, creo que foi moi honesto vostede dicíndoo, cando non se sabe algo se aprende, tivo tempo suficiente para aprender, pero non se aprende só escoitando a



unha parte, ten que escoitar tamén a outra parte, ten que escoitar a todo o mundo, ten que valorar a opinión de todo o mundo e, logo, tomar unha decisión, acertada ou non acertada e, para iso, logo están os plenos, para debatelo ou, polo menos, deberían estar os plenos para debatelo, antes de tomar calquera decisión, cando algo non se sabe, como dicía, apréndese, non sei como non se lle remove a conciencia, sinceramente, de estar aí sentado e cobrando durante todos estes tres meses, sen facer absolutamente nada e mesmo deixando claro que é incapaz de levar o servizo. Estamos falando dun servizo moi sensible e moi importante, como é o SAF, este alegato fágollo a vostede e non llo fago ao señor Martín, pois o señor Martín ten demostrado, tanto a nivel político como empresarial, que está curtido e que todo lle escorrega, ademais está acostumado a que cando algo non lle interesa ou se pon serio, pírase, desaparece, pero vostede é veciño de aquí, vostede vive aquí, non esqueza que vai ser o responsable do deterioro deste servizo, vai ser o responsable do deterioro das condicións laborais das traballadoras, porque todos sabemos como funcionan as privatizacións e como iso redunda nas condicións laborais das traballadoras e como redunda, tamén, no servizo que se lle dá a todos os usuarios, non hai mas que ver o que pasou con esta pandemia. Dicía a compañeira, Vanesa, que de que tiña medo Telmo Martín. Telmo Martín non ten medo, non debater non é unha cuestión de medo, o que quere e manifestar e deixar claro o seu poderío, o seu poder e que lle dá exactamente igual as opinións, as propostas e todo o que fai a oposición, porque se non lle dese igual, se nos respectase un mínimo, o noso pleno iría antes, debateríamos se é ou non conveniente pedir eses cursos, pedir este FP, pedir o que sexa e, logo, vostedes decidirían, iso sería o máis, ela nomeou elegante, a min páreceme mesmo democrático, de transparencia, algo san, debería de ter sido así. Dende logo, señor Arosa é digno sucesor dalgunha compañeira predecesora súa, do seu partido, en lavarse as mans, en pasar de todo e simplemente cobrar ao final de mes e non o estou a dicir por Silvia, que aínda que tivésemos diferenzas de criterio, non cuestiono o seu tempo dedicado, o seu se.

**Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:**

Antes de seguir quero preguntar se imos debater o punto tres ou se non o imos a debater, quero preguntalo, quero que me conteste alguén, vaise debater o punto tres?

**Sr. Presidente:**

O que non entendo é como a persoa que representa o partido máis importante da oposición fai semellante pregunta, vostede sabe perfectamente que se están a debater os puntos todos, entón vostede ten a súa intervención e ocorrerá o que teña que ocorrer, legalmente, elegantemente e democraticamente e punto, non hai nada máis, vostede non lle vai dicir aquí, ao goberno, como ten que debater os puntos, vostede siga coa súa intervención.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Vai haber replica nalgún momento ou tampouco vai haber réplica, pregúntolle tamén á voceira, se ides contestarnos a algunha cousa das que vos propoñamos, ou simplemente imos a votar.



**Sr. Presidente:**

Mire señora Fervenza, se vostede quedou sen discurso para este segundo punto dígao e non pasa nada, non imos ter un monólogo eu e máis vostede, comprende? Vostede pregúntame cousas que creo que non veñen ao caso e vostede representa ao partido que ten máis votos aquí, nesta sala, despois do goberno, entón eu dígolle a vostede que siga atendendo ao punto dous, que é no que estamos.

**Sra. Fervenza Celestino:**

Que se lle solicite a Consellería de Educación a inclusión no próximo curso do ciclo medio de atención a persoas en situación de dependencia no Instituto de Vilalonga. Eu quero saber se ten algún problema isto, gustárame que contestádes se realmente védeslle algunha problemática, se é algo nocivo, se vos custa moito traballo facer unha solicitude, reunirvos co Conselleiro de Educación, se hai algún problema, non sei, no vos levades ben con el, non sei, algo, que nos expliquen, porque ao mellor ides votar en contra, igual que votastes en contra do anterior. É unha realidade que necesitamos profesionais, que é unha opción de traballo para moitos mozos no futuro e, realmente, estaría moi ben que vostedes explicades porque non, igual vostede non, pero igual seus concelleiros teñen algo que dicir tamén, porque ao fin e ao cabo, terán nalgún momento, unha opinión, digo eu, que tedes opinión, que non sodes só ovellas. Isa é a pregunta, eu quero que me expliquedes porque ides votar en contra, porque estou segura de que ides votar en contra.

**Sr. Presidente:**

Gracias señora Fervenza, quere dicir algo señor Arosa? Nada que dicir. A señora voceira do goberno debeu saír, iría ao baño ou algo, non sei, iso se que non estaba previsto, o demais ao mellor se, pero saen cando teñen a necesidade de saír, entón, queren dicir algo máis vostedes sobre o punto número dous

**Sra. Fernández Agraso:**

Sobre o tema de secretaría, eu non teño que reprobar a ninguén e moito menos que o secretario reprobese ao alcalde, creo que esas non foron as miñas palabras, a miña sorpresa é o que pon na convocatoria que nos dan a nós, exclúese o punto proposto polos concelleiros solicitantes co seguinte razoamento “A lexislación local non admite a figura da reprobación, que está contemplada nos parlamentos autonómicos e nas cámaras lexislativas” e eu digo que está moi ben sabelo agora, cando ía a ser un concelleiro do PP, que non ía a ser reprobado, esa non foi en ningún momento a palabra que nos utilizamos, nin a nosa intención, pero está ben sabelo cando, despois de tantos anos, resulta que a min non se me podía reprobar por parte do PP.

**Sr. Secretario**

Vostede cree que eu fixen ese escrito?, Quen o firmou?



## **Sr. Presidente:**

Por iso eu lle estaba dicindo a vostede que me parece que non está moi atenta. Señora Fernández, pónase vostede tranquila, como comprenderá a palabra teño que dala eu, mesmo ao secretario, eu non teño ningún problema en que fale o secretario, que fale quen queira, pero vamos a ordenar un pouco os temas, eu sei perfectamente o que teño que dicir, cando eu decida falar neste pleno, pero non me vai vostede a marcar cando teño que falar, non se preocupe, eu xa falarei cando eu crea que teño que falar, entón eu creo que estamos falando as cousas ben, vostede está interviñendo moi ben, está toda a xente tranquila, tivemos un momento ao principio que non facía falta, pero non pasa absolutamente nada. Ninguén ten que falar nada mais, entón, antes de votar, vou a dicir eu algo. A oposición convocou ou pediu un pleno extraordinario, asinado por todos eles, creo que o señor Torres aínda non era concelleiro, para explicar este punto para as persoas que están aquí fóra e igual non saben tanto de política ou non saben deste tema, para que vaian coas cousas claras. Cando vostedes piden este pleno, o pleno íase convocar e, desgraciadamente, pasou o que pasou co tema da pandemia e houbo que parar todo. Naquel momento nós tiñamos un expediente preparado para levar a cabo, veu todo isto e falamos, creo, a señora Deza e eu con vostedes, sobre todo coa señora Rodríguez, porque é a persoa que estivo ao fronte de servizos sociais, como se fose a voceira, Fernández, perdón, non me acordei, non pasa nada, de que criamos que sería bo que se levantase o estado de alarma, se o querían facer, cando faltaban xa dous días para o pleno, que caducaba a data, que foi o día catro cando había que convocalo, vinte e catro horas antes do día catro, a min, comunicásemme que querían facer o pleno, entón automaticamente non da tempo nin a facer comisións nin outras cousas, entón estamos facendo o mesmo que iamos a facer e é mais, menos do que iamos a facer, porque non dou tempo a facer máis, como vostedes din, por iso non o fixen, para o primeiro punto do primeiro pleno que fixemos nós, o único punto, ir a comisión é o mesmo, soamente tomar unha decisión, agora vou explicar a segunda parte. Estando eu de alcalde do ano 17 ao ano 19, reunímonos, non quero equivocarme, pero creo que me reunín tres veces, pero como mínimo dúas, coas traballadoras do SAF no multiusos de Portonovo e reunímonos a concelleira, Silvia Freire, o señor Marcos Guisasola, concelleiro de persoal e eu mesmo, estivemos alí bastante tempo, eu mesmo díxenlle as traballadoras que se podían mellorar moitas cousas, sen ter que facer unha xestión indirecta, pero que necesitabamos delas para ese tema, entón, pois houbo moitos problemas é a lista de espera duplicouse máis nestes momentos e non é por problemas de falta de fondos nin nada, é por outros problemas, que non vou entrar eu neles. Pero e que o explicou perfectamente o compañeiro, non hai ningún concello, do nivel de Sanxenxo ou mais grandes, no que ese servizo non estea xestionado indirectamente, eu non vou entrar no discurso da esquerda española, que busca as palabras precisas para dar coa privatización, sempre o tema é privatización, todo está privatizado, os concellos teñen competencias propias, impropias ou delegadas, a xestión do SAF é unha competencia delegada, de acordo? Que significa? Que é unha competencia que lle corresponde a Xunta de Galicia, mándanola a nós, dános a 9,70€ a hora e a nós cústanos 22,30 e vai variando, segundo as baixas que teñan as traballadoras e que haxa que recorrer, como recorreu cando tivo que facelo, a señora Fernández, a unha empresa externa, para que nos vote unha man, nese momento as traballadoras me comentan a min, bo facemos unha cousa e vou a utilizar a palabra que utilizaron elas, “por que non privatizamos o servizo o fin de semana e, pola



semana, traballamos nós, de luns a venres?” Entón, iso non pode ser, nós preferimos que se faga directamente con xestión directa e, ao final, pasa o tempo e chegamos ao momento que chegamos e vaise facer unha xestión indirecta, coa única intención que motiva este goberno, de que os veciños que necesiten o servizo do SAF, estean atendidos da mellor maneira posible. Eu comprendo as traballadoras do SAF, porque eu non serviría ao mellor para iso, nin algúns dos que estamos aquí seguramente, porque hai que ter vocación, non vou comentar aquí o que falo coas familias que reciben a atención da axuda do SAF de Sanxenxo, nin hai ningunha familia ao mellor hoxe aquí e ao mellor amólame, pero non vou explicar, porque non están aquí algunhas familias hoxe, deixemos a cousa aí. E referente, xa para terminar, ao punto de porque non facemos o pleno no Emilia Pardo Bazán, voulle explicar unha cousa moi fácil, non vai a ser Telmo Martín o primeiro que faga un pleno fóra da casa do concello, fora do salón de plenos oficial que ten o concello, sexa para un pleno extraordinario, para un tema que nós cremos que é un pleno pedido pola oposición, se algún día faise un pleno no pazo Emilia Pardo Bazán, estando eu de alcalde, será por un tema importante que lle interesa a todos os veciños de Sanxenxo de verdade, non para ver o que eu acabo de ver aquí e escoitando constantemente que o que querían vostedes é circo, pero para o circo non estamos, viuse ao principio do pleno, imaxínense vostedes se isto fora no salón do pazo Emilia Pardo Bazán, pedíronnos as portavoces da oposición que, por favor, non trouxésemos para ocupar as cadeiras que quedaban con xente do PP, que puidesen entrar as traballadoras e dixeran que nós non vamos a traer a ninguén, nin andar buscando nin facendo nada, respectando a capacidade que nós deu, que se mediu, que se vos explicou, este salón ten capacidade para oitenta persoas, firmado polo arquitecto municipal, vinte persoas concelleiros e corenta persoas no público, como resulta que hai que estar separados e creo que estamos todos de acordo de que esteamos separados, pois hai dez concelleiros que están no público e non pasa nada, puxéronse máis cadeiras das que corresponde ao 50%, onte estivemos mirando aquí María máis eu, co secretario, pero é igual, sabe Sandra que se se pode poñer máis xente non me importa, creo que non fixemos nada para molestar. Que non guste que fagamos o primeiro punto, o primeiro pleno, perdón, antes que despois, pois posiblemente se eu estivese aí, diría o mesmo, pero dáse a casualidade que eu estiven aí durante dous anos, con sete compañeiros mais, non había máis que un partido, que era o PP, na oposición e non vou sacar a relucir o que faciades con nós, cos escritos e con todo, porque non vale a pena. Obviouse unha cousa moi importante, que dixo a Sra. Fervenza no tema de Vilalonga e que parece mentira que non saiban vostedes o que vamos a facer en Vilalonga, ou o que pretendemos, que non é cousa nosa, que sería cousa da Xunta de Galicia, Vilalonga é a parroquia onde mais investimentos está a haber agora mesmo e, máis por temas educativos, en Vilalonga o que hai que facer e o sector da hostalaría, porque aí se que necesitamos, aí se que hai un problema gravísimo neste concello, falta de camareiros, falta de cociñeiros, falta de xente de sala, falta de xente de recepcións, falta de moitísimas cousas e, se hai que facelo aí, aí se que temos que envorcarnos todos para facer unha hostalaría para Sanxenxo e, tamén, se se pode, o tema do SAF, pero poderíalle vostede preguntar á directora de Vilalonga, que se leva moi ben con ela, sobre todo Sandra Fernández sabe o que opina a directora sobre o tema de meter un ciclo aí, sobre todo con o tema do COVID. Polo tanto, déixemos a cousa aí, imos a someter a votación o punto dous, que é que se solicita a consellería o tema da inclusión no próximo curso dun ciclo medio de atención a persoas en situación de dependencia no



instituto de Vilalonga.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 7 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Abstencións: 0.**

En consecuencia, non se aprobou a solicitude á Consellaría de Educación a incursión no próximo curso do ciclo medio de atención a persoas en situación de dependencia no Instituto de Vilalonga.-----

### **3º) DEBATE E VOTACIÓN SOBRE A EXTERNALIZACIÓN A UNHA EMPRESA PRIVADA ANUNCIADA POLO PARTIDO POPULAR DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR (SAF).**

**Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal Mixto:**

Telmo Martín ten unha serie de bases, divide e vencerás, que aplica no seu día a día, que parece máis, ás veces, un trileiro cun alcalde, hoxe fixo gala doutra máis, tira a pedra e esconde a man, di que non vai falar, de quen era a culpa, que non o fagamos entrar niso, que as familias non están aquí, pero que non o fagamos falar, ou fala ou non fala, se ten algo que dicir dígaos, porque por iso estamos aquí, valorando as circunstancias para poder tomar unha decisión, o que pasa e que como vostede non pode xustificar a súa decisión, porque non pode facelo, é polo que montou todo este circo, porque o único que montou un circo foi vostede, nós xa demostramos moitísimas veces e mesmo, os feitos son os que falan, non as palabras, vimos a un pleno, non só para facer unha crítica, senón para aportar ideas, ideas que vostede, como trata? Voto en contra e nin explico porqué, unha vez mais, Telmo Martín non vai dicir a culpa de quen é, pero se que cita aos traballadores, pois eu volvo dicilo outra vez, a culpa desta situación non é das traballadoras, senón da incompetencia de quen tiña que xestionar este servizo e non o fixo, incompetencia que recoñecen hoxe ou, ao mellor, non é incompetencia, ao mellor é que non lle interesa, porque acaba de dicir vostede que coa hostalería, ao mellor se que se envorcan, pedindo ese curso para a hostalería, pero para o SAF non, quédanos claro. Queixábase antes o concelleiro do SAL de que non se lle avisase para asinar o pleno, o problema e que isto non foi unha iniciativa nosa, senón que fomos chamadas polas traballadoras, se a vostede non o chamaron iso xa é cousa vosa, o que está claro é que se nos chamou e nós estamos aquí, porque queríamos que se tratase este tema coa seriedade que merecía, cousa que non se fixo, se se quixese realmente escoitar e tomar unha decisión en base a isto, faríase, como se tiña que facer, este pleno primeiro e, o outro, a continuación, mañá, pasado ou cando fose, e non así, de présa, correndo, para dicir “primeiro mando eu, aprobo, e, despois, que discutan o que queiran, que total, está aprobado, que máis dá, unha proba máis do carácter déspota e caciquil que está adquirindo a alcaldía desde concello. Como as traballadoras foron as que nos solicitaron, con bo criterio, a celebración deste pleno, con criterio tamén de facer as cousas correctamente e non



como se fixeron con elas, porque vostede citaba as reunións, entre 2017 e 2019, coa concelleira Silvia, pero despois non houbo máis reunións tampouco, a pesar de que se lle solicitaron, mesmo a través desta concelleira no pleno e vostede negouse a reunirse coas traballadoras, entón non veña agora a dicir que había implicación completa e demais, cando sabemos todos que isto non é así, tamén dicía o concelleiro que entende as inqedanzas, entende as inqedanzas pero non se reuniu con elas persoalmente, dio agora porque algo hai que dicir. Este pleno fíxose porque nolo solicitaron as traballadoras e as traballadoras, polo funcionamento do pleno, non teñen a posibilidade de falar neste pleno, entón elas, así mesmo, solicitaronnos que leramos unhas palabras escritas do seu puño e letra, polo tanto quero deixar claro que vou ler a continuación un texto que se nos solicitou por parte das traballadoras que leramos e que estas son as súas palabras, que eu aquí vou a reproducir en parte, ou sexa, o discurso dividímolos en dous, vou empezar eu e, logo, seguirá Sandra, pero simplemente quero deixar claro que estas son as palabras das traballadoras do SAF con respecto a toda esta cuestión e ao maltrato que consideran que sufriron, e que eu, desde logo, esa opinión compártoa.

*“A quien corresponda, te conocemos, sabemos quien eres, tu y los que forman tu grupo. Desde hace dos años, más el menos, has convertido nuestro trabajo en un infierno. Las palabras compasión y empatía no las conocéis, y ni siquiera las lleváis a la practica con los trabajadores que tenéis a vuestro cargo y, mucho menos, con la población mas vulnerable del ayuntamiento de Sanxenxo. Nos pusisteis un sistema de fichaje porque decíais que no hacíamos las horas que nos correspondían, cuando sois vosotros los quen nos asignáis a los usuarios que tenemos que atender y establecéis esos horarios. Recortasteis el tiempo de desplazamiento entre domicilios como si fuera fácil atravesar Sanxenxo de punta a punta, con tiempos ridículos, teniendo que respetar los limites de velocidad y, sobre todo, con la cantidad de vehículos que se mueven en este ayuntamiento. Nos subisteis el sueldo? Si, pero a costa de que uno de nuestros días libres trabajasemos gratis si os hacía falta, porque no encontráis personal para cubrir incidentes, por algo será. Los trabajadores están de baja, como os quejáis tanto os decimos porque: porque abusáis de sus horarios poniéndonos a trabajar más horas de las que deberían. Por último, deben sentir mucho odio hacia el ser humano y hacia las mujeres para tratarnos con este desprecio, el daño que nos hacéis la vida os lo devolverá, antes el después. Firmado, la plantilla del SAF de Sanxenxo.”*

### **Sr. Torres Pérez, concelleiro do Grupo Municipal Mixto:**

Eu xa no outro pleno debatín o punto que había, pero se quería ler outra vez o carto parágrafo, que é o que solicitou SAL, creo que unha vez que xa está privatizado, o único que lle queda as traballadoras é que, no prego de condicións, que é o importante, fagan constar as demandas das traballadoras, que elas solicitan, se hai que reunirse con elas outra vez antes do pleno, vólvense a reunir, esperamos que incorporen a todas e lembrámoslle que a quen están coidando son aos nosos pais, avós e familiares, que conste no prego de condicións o que elas piden, que son as que máis saben do que están tratando.





## **Sra. Fernández Agraso, voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego:**

Falando neste punto en cuestión, chámame moitísimo a atención o informe externo que hai, resulta que para o centro de día e para as escolas infantís, cando se municipalizou o servizo de limpeza, todos eses informes, foron feitos pola intervención xeral deste concello, en cambio, este, non, é un informe externo, este informe o alcalde mándao redactar de maneira externa, tendo que pagar por este informe, cando eu creo que se podería facer como cando foi das escolas infantís, cando foi do centro de día ou cando foi a municipalización do servizo de limpeza. Creo que a ninguén se lle escapa que a consecuencia da privatización é que gaña a empresa privada, cun deterioro, tanto no tema laboral das traballadoras, pero tamén no servizo dos usuarios e, repito, estamos falando dun sector moi sensible e a vista está todo o que pasou nesta pandemia, coas residencias privadas. Eu lembro, cando foi o debate de Tele Salnés que falaba de isto, Telmo Martín case dicía que quería privatizar eu, el non, baixo ningún concepto, mesmo en marzo do ano 2020, é dicir, hai meses, acusábanos á oposición de axitar o medo da falsa privatización e nos chamaba trasnoitada e hipócritas, o de trasnoitada sigo sen entendela, seguindo coas falacias que nalgún momento nomeou o señor alcalde, resulta que un dos motivos que xustifica a privatización é que hai moita lista de espera, pero resulta que, actualmente, hai auxiliares que non teñen usuarios, auxiliares que non teñen cubertas todas as horas que deberían ter no seu contrato. Como se pode comer isto? Hai lista de espera, pero agora mesmo, as traballadoras están debendo horas, porque non se lles están asignando usuarios, dende logo a súa xestión deixa moitísimo que desexar, eu entendo que é un problemón este servizo, entendo que é complicado, entendo que quita horas de sono, a min tenmas quitado, pero dicir que o solucionen outros e eu sigo cobrando, dende logo deixa moito que desexar sobre a súa xestión, o seu traballo e sobre as gañas que tiña vostede de presentarse nunha lista para cambiar as cousas, eu entendo que cada un de nós presentouse nunha lista para iso, entendo que debería ser así ou, polo menos, esa sempre foi a miña intención. Dicía tamén o señor Martín que non é un tema suficientemente importante para tratar no Pardo Bazán, iso, dende logo é máis que discutible, pero o feito de que nós propuxésemos o Pardo Bazán, non quere dicir que en situación normal fariámolo, non porque fose un tema de calado social, que eu creo que se o é, era polo tema sanitario, para que todas as traballadoras tivesen a oportunidade de estar, por certo, vexo persoal do PP, non só traballadoras. Dicía tamén o señor alcalde que o seu pleno estaba preparado de antes, por iso ponse antes, pero resulta que o informe do interventor xeral deste concello é do vinte e dous de maio, fai uns días, polo tanto esperou a ver se nós pospoñámolo, polo que nos dixeron, quitadeo e, logo, volvedes a solicitalo, de feito, este pleno non se tería feito nunca, primeiro farían o seu e, despois, xa veremos se facer este, non? Para que vamos facer nada se, como dicía lago, o tema xa está comido. E logo, insinuar o que acaba de insinuar vostede, de mala praxe por parte das traballadoras para xustificar a privatización, paréceme moi rastrero, sinceramente se vostede ten coñecemento dalgunha mala praxe, non publicamente, tampouco é unha cuestión de apedrar a ninguén, pero se ten coñecemento dunha mala praxe, está actuando moi mal calando, non no pleno, a nivel privado, onde sexa, tomar as medidas oportunas, sabe vostede dunha mala praxe e non está facendo nada e o único que se lle ocorre é privatizar, porque esas traballadoras non van a seguir traballando na empresa? A mala praxe vai continuar, entón ou por estar nunha



empresa privada, de repente, teñen unha reconversión mental e resulta que xa van a traballar ben, entón, paréceme, de verdade, moi rastrero, nun pleno municipal, no que non se poden dar datos, nin nomes, insinuar, paréceme moi rastrero pola súa parte. A ineptitude do seu concelleiro, mire, non vou dicir súa, a súa é unha decisión política, pero tampouco o vou a culpar de que non sexa capaz de levar ese servizo, iso correspóndelle a persoa delegada, que vostede confiou nela para levar ese servizo, polo tanto, non lle vou a achacar a vostede o mal funcionamento dese servizo, voulle achacar o feito de que decida privatizalo, pero, o pagar a ineptitude nunha privatización e que o marrón llo coma unha empresa, sen ao menos intentalo, sen, ademais, aprender de que vai este servizo, porque vostede non fala coas traballadoras, non sabe cal é realmente o seu traballo, que non sabe realmente que fan en cada casa, que non se pon no lugar delas, que non empatiza, que non as coñece, por moito que as chamen as once da noite, que xa me dirá para que, se as once da noite non hai servizo, vostede xa cobrou 38.600€ deste último ano e a única opción que se lle ocorre e poñer este servizo municipal en mans dunha empresa privada, dende logo, non debía estar moi orgulloso.

### **Sra. Fervenza Celestino, voceira do Grupo Municipal do PS de G-PSOE:**

Para empezar quería dicirlle á señora Fernández que lle dá moita importancia ao señor Arosa, el non está privatizando un servizo, o está privatizando o alcalde, dende logo non ten ningunha potestade, porque é unha marioneta nas súas mans. Ao alcalde encántalle falar nos plenos de política nacional e non estamos falando, eu creo que se deberíamos falar un pouquiño de política nacional, pero vamos a pasar un pouco de puntillas, para que non se poña moi nervioso, privatizan na Comunidade de Madrid a sanidade, a educación, as residencias, aquí tivemos unha crise gravísima coas residencias, tamén privatizadas, por Feijoo, en estas residencias é onde houbo o índice máis grande de casos do COVID, onde máis persoas maiores faleceron en Galicia, un 45% dos casos de Galicia faleceron en residencias e, a maioría, foron xestionadas por unha empresa privada. Valoramos que se debemos falar de política, de esquerda, de dereitas, porque, neste caso, entender que cubrir as necesidades de servizos a terceira idade desde a administración é atender a todas as persoas e a sociedade, como colectivo, decidir que esta xestión a vai exercer unha empresa privada é, dalgunha maneira, non responsabilizarse da forma de entender a política, de xestionar, dunha estratexia que realmente estea a pensar nos veciños e nos cidadáns, dando a entender que privatizando un servizo van estar mellor atendidos os nosos maiores, eu creo que estamos poñéndonos unha venda nos ollos, cando nós sexamos maiores gustaranos, igual que nos gusta a maioría de humanos neste país, ir a sanidade pública, porque nos da confianza, porque sabemos que non está baixo un prisma económico, porque cando temos un problema real vamos a sanidade pública e, cando sexamos maiores, vaimos gustar estar atendidos dentro dun concepto de residencias, de atención na túa casa, atención a domicilio, de centros de día, gustaranos que sexa público, porque entendemos que non vai estar dentro dun prisma económico, máis que nada esa é a finalidade, cando nós entendemos que un servizo é o pilar da nosa sociedade e cando realmente lle estamos dando importancia. Privatizar a auga, un servizo que non é fundamental da nosa convivencia como persoas, privatizar outro tipo de servizos similares, como o lixo, non é o mesmo que a atención ás persoas, se entendemos que son servizos fundamentais é porque realmente inciden na importancia que ten en nós,



como sociedade e como colectivo, a educación, a sanidade, a protección da sanidade. A Telmo tamén encantaríalle privatizar a policía local e quitarse ese marrón de encima, todo o que sexa un marrón e xere problemas de xestión, o mellor é privatizalo? Non, hai que fomentar que teñamos profesionais e pódese facer desde a administración, igual que temos profesionais na sanidade e os temos na educación, podemos ter profesionais que xestionen todo, o que implica a terceira idade, que é un sector complicado? Non é tan complicado, ten os seus problemas, igual que ten facer aceiro ou construír unha estrada e hai persoas especializadas, que son capaces de facelo, hai que contratalas, co volume que se supón que vai incrementar este servizo, poderíanse contratar máis persoas que axudasen esta xestión, pero a realidade é que non vai pasar iso, o que vai pasar, en canto fagamos a contratación, é que as empresas van a vir a baixa, estamos agora mesmo falando de 17 € /hora, pero se dividimos esas horas polo prezo de saída, sairía a 21,54, non van a ser 21,54, as empresas van intentar meterse no servizo, como é lóxico e normal e o van a baixar, a costa de que? Onde van a baixar eles? Van a baixar en calidade e en todo o que é a contratación do persoal, porque é a única forma, porque non teñen máis marxe para facelo, co que estamos deshumanizando un servizo que está atendendo aos nosos avós, aos nosos pais, as nosas nais, a estas persoas que queremos e que nos coidaron, as estamos deixando en mans dunha empresa, que fará ou non ben o seu traballo, tamén é verdade que existen medios para controlar iso, pero tamén hai que querer facelo. O servizo, polo tanto, será máis caro, terá menos calidade, terá menos protección para as persoas maiores, igual que para as traballadoras que están nel. Dicía, ademais, que a culpa é das traballadoras, o feito de querer privatizar un servizo é dicir que somos realmente incapaces de facer as cousas ben feitas, por que non se pode ter persoas cualificadas, ter unha ou dúas persoas máis que axuden nese servizo? Intentar fomentar esa bolsa de traballo para que se faga, a vostede que lle gusta tanto saír na prensa e ter ideas novidosas e estar na Sexta, dicir que este mesmo concello decide non privatizar, decide apostar pola calidade dos servizos, sería desde logo increíble, nós, aquí, temos que defender aos veciños e veciñas do Concello de Sanxenxo, cando antes o señor Arosa dicía que moitísimos outros, noutras alcaldías, o PSOE o BNG ou quen sexa, estaban privatizando este tipo de servizos, déixeme dicirle unha cousa, eu creo que, no futuro, cada vez menos o vamos facer, porque vai ser un dos pilares básicos a ter en conta dentro da administración, os nenos, a primeira infancia, as garderías e a terceira idade e vai haber un retroceso, vamos a xirar cara atrás, porque temos que xirar como sociedade, deixar en mans de empresas algo tan importante como os nenos e os avós e como dicir que non nós importan.

### **Sr. Arosa Dasilva, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular:**

Despois de tantas cualificacións positivas cara á min, síntome afagado, este concelleiro, que segundo vostedes non se enteira de nada, vai refrescar un pouquiño a memoria dos últimos anos de xestión súa nos servizos sociais e como collemos a concellería cando chegamos, na miña intervención falarei do SAF en profundidade, tamén do resto de servizos sociais que herdamos de vostedes. En primeiro lugar, non me baseo só nos informes de Carolina, baséome tamén nunha acta de inspección da Xunta de Galicia, asinada por unha inspectora da consellería, o día once de maio de 2017, é dicir vinte días antes de que o PP asumise o goberno, que foi o un de xuño, e polo tanto, que a miña compañeira, Silvia Freire, se fixese cargo da concellería. A acta é sinxelamente



demoledora e vostede sábeo, é un retrato da xestión do tripartito e, especialmente, de vostede, señora Fernández, como responsable da área, como imos coñecer a continuación, unha cousa é o que vostede predica desde a oposición e, outra cousa, completamente distinta, é o que fai mentres goberna, iso está claro. Na acta di que a primeira chamada de atención, en 2016, catro traballadoras sociais, subvencionadas pola Xunta, sumaron once meses de baixa sen ser substituídas: Carolina dous meses e once días de baixa, Rocío dous meses e oito días de baixa, Milagros dous meses e nove días de baixa, Diana, a psicóloga do CIM, catro meses de baixa por maternidade, que xa vostede o tiña que ter programado, porque é por maternidade, polo cal case quedamos sen cualificación do CIM, que o CIM só pode estar tres meses sen psicóloga e nós estivemos catro sen ser substituída, non cubrir as baixas supuxo unha acta de inspección, incumprir a finalidade da subvención, ademais de privar aos veciños durante once meses da atención deste persoal e vostede, señora Fernández, foi a responsable diso. Na segunda chamada de atención, mentres vostedes gobernaban, o horario de atención ao público non se cumpría, di a inspectora que, en lugar de cinco días de atención ao público que obriga a subvención, con dúas traballadoras sociais, atendíase só dous días, os luns e os xoves, constatase que trece persoas dependentes, das corenta e tres que conta o concello, se lle presta un número inferior ás horas concedidas na súa resolución, é dicir, case un 30% dos usuarios recibían un servizo deficiente e incompleto, a acta, tamén di que a lista de espera do SAF sumaba dezaseis persoas, cando vostede estaba ao cargo, pese a contar con 440 horas concedidas pola Xunta, ao respecto di: *“debería reorganizar o funcionamento do programa de axuda no fogar e dotarse dos medios humanos suficientes e eliminar a lista de agarda”*. Na páxina tres, no punto tres da acta engade: *“constatase que hai un elevado número de auxiliares para prestar servizos en cada domicilio. Así, do exame das follas de asistencia das auxiliares no mes de abril de 2017 aos domicilios de varias persoas usuarias detéctase, entre outros, os seguintes casos.”*, usuarios que lle visitaron a súa casa quince persoas diferentes nun mes, a outras, once persoas diferentes nun mes e hai outras que tamén as visitaron once persoas diferentes nun mes. Señora Fernández, a vostede parécelle normal que unha familia teña que soportar que cada día lle vaia ao seu domicilio unha persoa diferente? A prestación do SAF implica máxima intimidade e non me diga que son a excepción, porque o informe da coordinadora, de novembro de 2016, xa lle avisou do problema, tendo en conta a alta rotación de auxiliares por domicilio, cabería pensar que, polo menos, se presentaría as auxiliares ás familias, ao final, na páxina dous, dise xusto o contrario: *“O persoal técnico non acompaña á auxiliar substituta para realizar a presentación á familia e debería elaborarse un protocolo de substitución das auxiliares e levar a cabo a súa implantación”*. Na mesma dirección, no punto seis, na páxina 3 a inspectora di: *“Non se está a realizar a supervisión do servizo nos domicilios das persoas usuarias coa periodicidade establecida normativamente, como mínimo cada dous meses”*. Houbo persoas que estiveron 22 meses sen recibir a atención e outras 13, é este o seu modelo de SAF, señora Fernández? É aceptable que despois de dous anos de goberno do tripartito estivese nestas condicións? Creo que non están vostedes en condicións de dar leccións, agora vou ler parte do informe da coordinadora do servizo, no 2016, de que o servizo non estaba funcionando ben, é di: *“O número de auxiliares que acoden ao mesmo domicilio, mínimo catro por mes, os servizos de luns a domingo, o que levou consigo unha imaxe desordenada do servizo, que en ocasións considera que se prioriza ao persoal ante os beneficiarios e o descontento dalgunhas familias, que consideran que se viola o seu dereito a intimidade que está garantido por leo.”* Isto dio a acta da coordinadora, en



resumo, sabía isto vostede sete meses antes da inspección e, con todo, non fixo nada para evitar a imaxe de desorganización e descontento das familias. Que fixemos nós unha vez que collemos o goberno? O que fixo a miña compañeira, Silvia, cando se encontrou co desaguisado de vostedes, en xullo de 2017 encargou un proxecto de reestruturación do servizo á Coordinadora, en setembro 2017 unha reunión entre o alcalde, a coordinadora e a traballadora social, para valorar a proposta e consulta sobre a súa viabilidade aos servizos económicos, en outubro de 2017 as melloras xa empezan a dar resultado, a lista de espera baixa e contrátanse máis horas, o alcalde e a concelleira reúnense coas auxiliares, pídenlles máis implicación e comprométese a subirle o soldo, en novembro de 2017 apróbase, no orzamento de 2018, unha subida salarial do 17% para as auxiliares, no primeiro trimestre de 2018 encargase unha auditoría do seguimento do servizo durante tres meses a unha consultora, no segundo semestre de 2018, a miña compañeira, abre un período de consultas sobre os cambios, ninguén alega nada, pónense en marcha os cambios, dispoñibilidade 18, 19 días ao ano, control telefónico para coñecer os domicilios das auxiliares, sistema para igualar as horas pagadas e as horas realizadas, algunhas estaban cobrando sen facelas, os novos servizos seguen mellorando no primeiro trimestre de 2019, a pesar de protestas e mobilizacións do CCOO, o goberno mantense firme e non renuncia ás melloras, a primeira denuncia de CCOO, ante a sala do social, pola forma de aplicar os cambios, e a xustiza dános a razón, no segundo trimestre de 2019, o goberno abre un novo período de consultas, segunda denuncia de CCOO, os cambios en se, 0 persoas en lista de espera, 700 horas máis por mes que o tripartito, segundo semestre de 2019, a xustiza falla a favor do concello, avalando os cambios que melloran o SAF, empeza a crecer a lista de espera, a aflorar algún dos problemas dos dous anos anteriores, pero en lugar de non facer nada, como vostede, buscamos unha solución definitiva mediante a xestión indirecta, como fan a maioría dos concellos gobernados polos seus partidos, pero nós non podemos. A continuación vou a referirme ao Centro de Día, que tamén herdamos de vostedes e, para tachalo de algo, a herdanza sinxelamente era lamentable, no Centro de Día vostedes repararon a cuberta, investiron 30.000 € e, aínda segue entrando auga, ademais, non arranxaron as deficiencias que había, fiestras polas que entraba auga, eu teño fotos que me pasa a directora do Centro de Día, humidades nas paredes, un estado marabilloso para os nosos maiores, para telos ben atendidos, como os tiña vostede no 2017, auga por debaixo das portas, así é como encontramos nós o Centro de Día, tivemos que investir 170.000 € para reparar o exterior do edificio, a fachada, cambiar as fiestras, arranxar o chan, as paredes, as portas e os baños, seguindo co Centro de Día, herdamos de vostedes unha furgoneta, por cualificala de algo, en estado lamentable, rapidamente substituímolos por unha de renting e, recentemente, imos adxudicar unha nova coa financiación da Caixa, esta furgoneta, por se quere vela, antes de nada, aí ten unha furgoneta para os nosos maiores, a furgoneta o primeiro que pon é “primeiro os maiores” e ese é o noso lema: o primeiro son os maiores. En 2016 concluíu o contrato de concesión do Centro de Día e, en lugar de buscar unha solución, foi poñendo parches, o un de outubro de 2016 asina un contrato negociado por seis meses, o un de abril asina un novo contrato por 3 meses máis, prorrogable por tres a razón de un, máis un, máis un, é dicir, parche tras parche, para sumar un ano máis, porque non foi consecuente co que defende aquí e recuperou a xestión directa do Centro de Día? Non está vostede en contra da externalización? Ou só está cando está na oposición? Máis despropósitos na xestión do tripartito e da señora Fernández, herdamos de vostedes un edificio de servizos sociais, que para ser suave cualificarei de descoidado, tivemos que arranxar o tellado, pintar o



seu interior, instalar o aire acondicionado e un novo almacén, entre outras melloras. A directora do Centro de Día estivo un ano detrás súa, co Plan de Evacuación e Incendios para a REGAPE, un asunto que a miña compañeira Silvia resolveu en quince minutos, non en quince días, senón en quince minutos, e a directora estivo detrás súa un ano. En resumo, a xestión do tripartito e a follo de servizo súa non pode ser mais nefasta señora Fernández, estes datos, especialmente o acta de inspección, poderíamos habelos feito públicos, pero nós non gobernamos para facer publicidade barata, gobernamos para solucionar, pero a nosa paciencia tamén se esgota, sobre todo, se escoitamos dicir que nos desprezamos aos servizos sociais, cando vamos a investir neste ano, no ano 2020, 1.974.400 € en servizos sociais, dividido entre os 17.500 veciños sae a 112 €/veciño, Pontevedra, gobernado polo seu gran BNG, está en 44, Vigo está en 47 €/veciño, non o digo eu, son datos da Asociación Española de Directores e Xerentes en servizos Sociais. E conclúo facéndolle dúas preguntas á oposición, se son tan amables de contestalas despois: Porque os concellos gobernados polos seus partidos fan moi ben en externalizar o SAF e nós non? Porque en público falan de privatización e, cando van a pedir este pleno, poñen externalización?

#### **Sra. Rodríguez Búa:**

O único que constato neste pleno é que ao señor Arosa non lle dá a risa nin a vergoña tampouco, porque o que está claro e a súa falta de implicación con respecto ao servizo, que mesmo recoñeceu neste pleno e as traballadoras dixérono por activa e por pasiva, que se limitou a reunirse unha soa vez con elas, para dicirlles que non sabía de que ía o servizo e que volvería, aínda están esperando, así que nin a risa nin a vergoña, polo tanto o que se demostra aquí é que non vale para xestionar, nin para falar sen guión tampouco, aínda estamos esperando a que nos contesten porque votaron en contra dos dous primeiros puntos que se votaron aquí, sobre os cursos, tanto ciclos formativos como outras formatos, que podían axudar a solucionar, en parte, o problema existente, para iso se que non se molestou en dar contestación algunha. En canto ao que comentabades, sinxelamente facer unha puntualización, mesmo con guión mete a pata, porque, se non o sabe, pola protección de datos, vostede non debería dar datos aquí de persoas, con nomes e apelidos, que estiveron de baixa, dixo vostede: "Milagros, Rocio..." e iso non se pode facer e parece mentira, que llo teñamos que dicir aquí.

#### **Sra. Fernández Agraso:**

Efectivamente, hai unha acta da Xunta de Galicia da inspección de servizos sociais, algo que eu non lle escondín, en ningún momento, ás traballadoras, nin a Carolina, nin a ningún persoal de servizos sociais e, de feito, enfrenteime a esa inspectora, ademais creo que tiveron unhas intervencións do máis construtivo, de feito fun a única que deixou ben claro que sabía da moita complexidade que ten este servizo, a competencia é da Xunta de Galicia, o que non pode é vir unha inspectora a dicirme que os sete días da semana ten que ir a mesma persoa, sen días libres, porque non se lle pode cambiar esa persoa ao usuario, pero ao mesmo tempo, tiñamos detrás a inspección de traballo. Vostede nomeou os últimos dous anos, parece ser que nos últimos dous anos pasou todo, por iso estaba mal o edificio, o coche dos servizos sociais debeu destartarse, porque non estaba mal de atrás e, nos dous últimos anos non sei que máis pasou no Centro de Día, nos dous últimos anos que estiveron eu pasou de todo, a culpable de que



non houbera aire acondicionado nos servizos sociais tamén foi miña, increíble, pero como dicía, enfronteime á inspectora, porque é a Xunta de Galicia a que ten que dicirnos claramente, que se xunten a inspección de servizos sociais e a inspección de traballo e que digan, claramente, como podemos actuar ben nunha inspección, sen actuar mal na outra, iso foi o que eu lle dixen a inspectora, é certo que se cambiaron moitas veces de traballadora e de usuario, por certo, segue pasando con vostede, e tamén pasaba coa compañeira Silvia, é certo que non se puideron facer as reunións coas familias, o que non se viña facendo nos últimos catro anos do PP, ou vostede, niso que ten escrito, só ten os meus dous anos? Dígalle a Carolina ou as traballadoras como collín eu o servizo, que nos primeiros seis meses que eu estiven, non puideron dispoñer de traballadoras por todas as horas que lle tiveron que devolver, porque o PP, nos seis primeiros meses, fixo horas de máis e, nos tres primeiros meses, non lle vin a pinta a ningunha traballadora, só a tres ou a catro, porque tiveron que devolver un montón de horas por culpa da súa predecesora, vostede está dicindo como que cheguei eu e, de repente, desbarallei todo o servizo, non perdoe, que a inspección de traballo era polo PP e inspección de traballo, a min, doume tres meses para intentar solucionalo, senón multaba, no ano 2015, ou é que non o pon o informe? Porque se ve que o informe empezaba no ano 2016, porque non puxo no informe todo o anterior? Porque falaba dunha compañeira súa? Só vai falar de min? E ademais, que cree, que eu non podía ter encima da mesa o tema da privatización e quitarmo de encima, a ver se cree que vostede descubriu América, para quitarse os marróns de encima, privatizar, iso sabeo todo o mundo e é o máis fácil, cobrar e non traballar, eu se intentei buscar solucións. Dime vostede que non cubrín as baixas e se pon a nomear nomes e baixas, porque vostede, a protección de datos, pásaa polo forro, pero voulle dicir unha cousa, que ao mellor vostede non sabe e ben llo pode comentar o seu compañeiro Marcos Guisasola, polo Plan de Axuste estaba prohibido cubrir baixas, non nos deixaban por parte de intervención ou cree que para min non sería moito máis fácil cubrir as baixas? Pero vostede que pensa, que a min me gustaba ter os marróns encima, que non diría, “cubra esta baixa, señor interventor, firme”, pois non asinaba, e sabe o que fixen? Busquei unha solución, por primeira vez, en dous anos seguidos, polo Plan Concellos, contratouse unha traballadora social, cousa que nunca pasara neste concello e cousa que non volveu a pasar, pero precisamente, como polo Plan de Axuste non podía cubrir as baixas e o servizo non quería que quedase sen funcionamento e sen atender, busquei esa solución, ou tamén teño culpa eu de que o persoal colla baixas? Tamén era culpa miña? Se colleron baixas, e ademais por saúde, será porque o médico llas dou, eu non vou cuestionar nunca o criterio dun médico a hora de dar unha baixa, eu se busquei solucións, porque o máis fácil é, precisamente, privatizar. Mesturou o centro de día, mesturou o edificio de servizos sociais, lémbrolle que estabamos nun plan de axuste, de feito, nada máis entrar, fixen obras, as que puideron e o que o presuposto me dou, que melloraron bastante o tema do calor, só e simplemente con poñer unha porta, cousa que en catro anos anteriores, o PP non fixo. Unha cousa xa para rematar e insisto, creo que eu estiven tranquila, construtiva, estiven, mesmo, empática cara o labor da anterior concelleira, cara a súa, non, porque considero que vostede non fixo nada, pero se a dicir que o servizo é un servizo complicado e vostede, saltame, con todo isto, cando vostede se refire a “cando o collemos nós no ano 2017”, a que se refire? Porque vostede, no ano 2017, moi do PP non era e máis, quince días antes das eleccións estas, vostede tampouco era do PP, a que refire entón con “cando collemos nós”? De verdade, lamentable, a veces hai que



ser un pouco humilde, eu en ningún momento dixen que o meu servizo quedase niquelado e menos en menos de dous anos, sempre recoñecín a complexidade do servizo, nunca lle mentín a ningunha das traballadoras e non a todo o mundo gustoulle o que eu tiña que dicir, pero eu non lles mentín, como non lle mentín a inspectora e como lle dixen que non me gustaba a maneira de proceder da Xunta de Galicia, que se puxeran de acordo entre eles, o que non pode ser e que o que sexa bo para o servizo, sexa malo para o tema da outra inspección, que se poñan de acordo, que nos digan e, logo, nós actuamos. O que non pode ser e que, para agochar a súa ineptitude, colla un informe mal intencionado e, sen saber de que se fala, porque vostede non sabe de que vai o servizo, no momento en que vostede non fala coas traballadoras, non sabe de que vai o servizo, cóntanlle, dinlle, escríbenlle, aconséllolle que fale co seu compañeiro Marcos Guisasa ou con calquera outro, pero sobre todo con el, que tamén recoñezo e sempre o recoñecín, os problemas que tiveron tamén co Plan de Axuste, porque non son tan cínica nin tan necia, como está sendo vostede agora comigo, para non recoñecer que os problemas veñen de atrás e que os problemas do Plan de Axuste, precisamente, non foron do tripartito, que vostede fala, que por certo, neste mesmo asento creo que estaba, cando o cuadripartito saíu aí elixido, vostede persoalmente veu a darme o parabén “e por fin votamos a Telmo Martin”, que agora é del, e non estou mentindo, se vostede non se lembra eu lémbrome moi ben e, o Plan de Axuste, sabe porque foi? Polas sentenzas que tiña o PP, por todos os cartos que houbo que devolver nesa época pola mala xestión do PP, por iso foi o Plan de Axuste que nos comemos o cuadripartito e logo o tripartito e alégrome que agora non este activo o Plan de Axuste, agora vostede pode contratar, eu, daquela, non podía, oxalá puidese.

### **Sra. Fervenza Celestino:**

Pouco máis que dicir, porque Sandra expresouse moi ben e estou totalmente de acordo con todo o que dixó, só dicir que aínda tedes a desvergoña de facernos preguntas, despois de non contestar a nada do que os propuxemos, paréceme alucinante. Logo outra inxenuidade que di o señor Arosa, pensar que unha empresa privada vai poder meter a mesma auxiliar durante todo o mes seguido, non pode facelo o servizo público, pero a empresa privada se vai poder. Logo unha cousa que me chama a atención, non é só que non lle teñamos respecto desde aquí é que o seu propio xefe tampouco, que ri mentres o está poñendo a caldo a señorita Fernández, faille graza. E dicir que este concello estivo como estivo grazas a todas as multas que estivemos pagando pola mala xestión, pola ineficacia do seu partido.

### **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do PP:**

Bos días a todos e a todas, estiven atentamente escoitando todas as intervencións, creo que estamos aquí para debater unha cuestión, que como ben acaban de dicir desde a oposición e como acaba de dicir o meu compañeiro, é un tema que nos afecta a todos e a todas, porque, nalgún momento, todos temos dependentes ao noso cargo ou, nalgún momento, nós mesmos tamén imos ser dependentes, é un debate moi importante para todos e todas. Neste momento o goberno entende que esta xestión debe facerse de forma indirecta, porque consideramos que debe facerse de forma indirecta? Sandra acaba de mencionar a complexidade, que tamén mencionou Dani,





certo é que é un servizo moi complexo, eu estiven no goberno anterior a vostedes e volvo a estar agora no goberno e sempre recoñecín que é un labor moi complexo e moi difícil de xestionar, tanto por parte do concelleiro ou concelleira delegada do servizo, como por parte dos traballadores e, neste caso, tamén da coordinadora do servizo, pero se ben é certo, Sandra, que independentemente que eu estou de acordo co que dis ti, non todos os problemas viron da túa época, faltaría máis, é un servizo que xa viña arrastrando moitos problemas e, en absoluto, queremos dicir que estes problemas veñan ocasionados da túa época, o que se é certo, é o que nos atopamos cando volvemos a entrar no goberno, con esa acta, que é bastante demoledora, tivemos que pedir unha prórroga para contestar, porque nin sequera contestaches ao requirimento, independentemente que non entro, porque eu non estaba, do que dis que falastes coa inspectora e comentaches que entraba en contradición coas inspeccións de traballo, pero se é certo que nós tivemos que pedir unha prórroga para contestar a ese requirimento, para poder subsanar ou tentar subsanar, na medida do posible, a acta chegou cando ti estabas de concelleira e nós tivemos que pedir esa prórroga, independentemente diso, se é certo o que dis, de que os problemas non se xeran dun día para outro, o que se tamén é certo e que a concelleira posterior que estivo no servizo, Silvia, fixo un esforzo moi importante e deixou a lista de espera en cero usuarios e, teño que dicir que isto tivo que ir acompañado dunha forte capacidade, non só dela, senón das traballadoras, como tamén de todos os membros que conforman este servizo, agora é certo que a lista de espera incrementouse substancialmente, agora mesmo temos corenta e cinco persoas en servizo de agarda e, naquel momento, non había tantas persoas coa dependencia recoñecida, o servizo que nós temos non pode cubrir todas esas peticións e nós consideramos que a mellor forma de cubrir todas as peticións e a mellor forma de dar un servizo para os veciños e para os usuarios, é facer esa xestión indirecta, algunha de vós, non sei se Dani tamén, falou da subrogación das traballadoras e que se cumpran os dereitos laborables, que conserven a antigüidade e demais. Pero e que aquí estamos facendo un debate catastrofista e o que dixo Dani é certo, porque miren, vostedes tamén apostaron pola xestión indirecta, por exemplo ás garderías, tiveron a opción de recuperar ese servizo e non o recuperaron, aquí está o DOGA do ano 2016, do 22 de novembro de 2016. Sandra, vou dicir unha cousa, cando se aprobou o plan de axuste eu estaba de concelleira, o goberno que máis sufriu o plan de axuste, podo asegurar que foi o anterior ao teu, foi o noso, porque nos tivemos que axustar o concello, tivemos que facer un esforzo importantísimo para poder xestionar con cero euros, mantendo absolutamente todos os servizos e, como ti ben acabas de dicir, está aí Marcos Guisasola, pero ademais, acabas de dicir algo que me chama a atención, nós no plan de axuste, tampouco podíamos cubrir baixas, quince días despois de entrar, cubriuse a baixa do CIM e o plan de axuste estaba aí, igualmente, quince días antes, que quince días despois, estás dicindo unha serie de cuestións, que moi ben cando gobernamos e moi mal cando non gobernamos, de aí o que dicía Dani. Pero se ben é certo o que ti tes na mente, de feito dixeches “eu entrei na política para intentar deixar o servizo mellor que como o collín”, eu creo que entramos todos para iso, entrar na política para mellorar as cousas desde dentro, porque desde logo, desde fóra, é difícil melloralas, como se mellora é desde dentro, e supoño que vós, que estivestes no goberno, sabedes que é así. Dixo Ainhoa que a xestión do lixo e a auga non é tan importante, é importantísima, que me diga que controlar o ciclo de auga non é importante, cando é un servizo esencial, se a auga non se controla, morremos todos. Repiten constantemente que non



sabemos xestionar, a ineptitude do concelleiro, o despotismo do alcalde, pódolle asegurar que eu non son a marioneta na man de ninguén, nunca o fun, ni nunca o serei e pódolle asegurar que os que apostamos pola xestión indirecta e porque consideramos que é a mellor opción para xestionar o servizo e, teño que lembralo, hai moitos concellos ao noso redor, exceptuando Ribadumia, o único concello da nosa contorna que agora mesmo non está facendo a xestión indirecta do servizo, é o concello de Sanxenxo, de feito, teño unha noticia aquí, do Diario de Pontevedra do ano 2017, que o concello de Pontevedra cambiou a empresa que ofrecía o servizo de axuda no fogar, nunha semana, tres veces, primeiro foi Clece, logo Galaurea e agora Idades, *“o servizo do fogar, SAF, cambia de empresa por terceira vez na última semana, a antiga adxudicataria renunciou a continuar co traballo municipal tras un desacordo económico co concello, o cal quería prolongar a súa actividade en concreto, por 2,20 € mais por hora asistencia”*. Nunha semana tres veces, se nós, nunha semana, cambiamos as traballadoras tres veces, non sei o que irían vostedes a dicir. Sinceramente, consideramos que a opción que está baraxando o concello e que debatemos neste pleno e no pleno anterior é a que mellor vai ser para o servizo, vai saír beneficiado e cremos que as traballadoras tamén van saír beneficiadas, porque tamén creemos que moitas traballadoras van a poder dispoñer de máis horas de traballo ao ano das que dispoñen, consideramos que iso vai mellorar substancialmente a prestación que estamos a facer. Eu creo que lle entenderon mal o alcalde, o alcalde non está dicindo que isto sexa culpa das traballadoras, nin que hai unha mala praxe por parte das traballadoras, estamos dicindo que debido as peticións que hai por parte dos usuarios, cada vez máis, porque cada vez a poboación está máis envellecida, cada vez temos unha esperanza de vida máis longa e, polo tanto, cada vez o servizo vai solicitándose máis, ten máis demanda. Eu estiven nunha reunión coas traballadoras cando foi o tema do Covid e foron as primeiras que se puxeron ao cargo, as primeiras que dixeron que se, que por suposto, ían a dar o servizo, unha implicación total, teño que dicilo, porque eu estaba nesa reunión e é certo e, tamén, que, na situación que estamos a vivir, se non existise esa implicación por parte das traballadoras, estaríamos nunha situación moito peor, pero ninguén di que sexa culpa das traballadoras, o que estamos dicindo é que a demanda é cada vez maior e, polo tanto, consideramos que ten que ser unha empresa especializada a que faga ese servizo, igual que no seu día fixo o PSOE co tema da auga, que no seu día se fixo co lixo, neste caso é ASCAN, e, no seu día, fíxose coas gardarías, a de Vilalonga, desde un inicio e, a de Sanxenxo, que levaba trece sendo xestionada polo concello de forma directa, pasou a unha xestión indirecta, a posteriori, de feito, vostedes continuaron con este tipo de xestión, é unha decisión política, obviamente, que tomamos porque consideramos que é a mellor decisión que podemos tomar neste momento, debido a lista de espera que hai e debido a que consideramos que este servizo vai a ser cada vez máis demandando e, coa licitación que se está preparando, pasaríamos a ter máis de 59.000 horas, nós pasaríamos a prestar servizo a 60 familias, que xa temos, máis 45, e teremos maior flexibilidade para prestar o servizo a máis familias, eu vólcome a reiterar, non discuto que vostedes, cando gobernaban e nós, cando gobernamos, tivemos a intención de mellorar as cousas e deixar as cousas mellor e creo que esta é a forma que entendemos nós que vai mellorar. Vanesa dixo que senón somos capaces de xestionar para que estamos e eu considero que a xestión abarca todas as posibilidades, non todos os servizos se teñen que xestionar de forma directa, igualmente, coa xestión indirecta, o concello segue mantendo a titularidade e o poder de decisión sobre o



servizo, as gardarías, aí están, o centro de día aí está, o servizo de auga aí está, todos os servizos que agora mesmo se están facendo cunha xestión indirecta, que o concello ten poder e toma as decisións que ten que tomar respecto do servizo, pero non aquí, como acabo de ensinar, tamén noutros concellos, como o de Pontevedra.

### **Sra. Rodríguez Búa:**

Efectivamente téntase dicir que a xestión indirecta segue sendo xestión, pero está claro que non é o mesmo nivel de xestión, nin de capacidade de decisión nin de capacidade de traballo, o que pasa é que neste concello cada vez hai menos servizos prestados polo concello, pero cada vez hai máis concelleiros que cobran un soldo, é un pouco contradictorio. En canto as notas textuais, a voceira do PP, dedicouse a tomar notas dos discursos duns e doutros, é unha pena que non tomase nota tamén, que eu se tomei, de que o señor Telmo Martín dixo que non tiña vocación de servizo e que por iso non podía facer o traballo que fan estas señoras, pois se o alcalde non ten vocación de servizo, entón imos apañados, será que está aquí para outra cousa.

### **Sra. Deza Martínez:**

O alcalde non dixo iso, dixo que as persoas que se dedican a iso e é certo, porque eu tiven persoas dependentes ao meu cargo e atendinas eu, non veu ninguén axudarme á miña casa para atendelas e pódolhe dicir que, para iso, tes que ter vocación de servizo, pero como o ten un médico, como o ten unha mestra ou como o ten un garda civil, é así, tes que ter vocación de servizo para iso.

### **Sra. Fernández Agraso:**

Eu creo que se entendeu bastante ben e que o deixei bastante claro, cando me refería a que é unha decisión política, os informes técnicos poden dicir o que queiran, pero neste caso, é unha decisión política, por iso tamén dixeran que era necesario este pleno antes que o anterior, porque está ben o debate, vostedes teñen unhas ideas e nós temos outras, mesmo para un concello de 17.300 habitantes, non se se agora haberá máis, se haberá moito madrileño censado ultimamente, pero non me parece comparable a xestión dun concello de 17.300 habitantes, coa dun concello como Pontevedra, ademais e dígoo sinceramente, no momento no que estamos, no que as traballadoras, ademais vostede díxoo e gústame que o dixese, porque as condicións do principio, non só en Sanxenxo, en todos os lados, eran moi complicadas, expuxéronse, ao mellor sen ter todas as garantías para ir os domicilios, iso pasou, cando vostede dixo que lles pediu que arrimasen o ombreiro e arrimaron o ombreiro, expuxéronse elas mesmas, para que eses usuarios non quedasen sen atención, creo que se lle pode dar unha volta. Efectivamente, iso pasou na miña época, na anterior creo que estaba todo a monte, o feito de que a traballadora social non poida facer quendas nos domicilios, iso é certo, entendo que agora tampouco o está facendo como marca a inspectora de servizos sociais, é imposible neste momento, porque ao mellor ela non é a persoa que ten que facer as quendas, nin é a persoa que se ten que dedicar á xestión do persoal e se a xestión dos domicilios, ao mellor hai outra solución e díxeno desde o principio, é complicado ese servizo, porque cada traballadora ten un horario, cada usuario ten un horario e os usuarios, por sorte ou por desgraza, non é algo estático, non é unha



gardaría, que os colles con cero e os soltas con tres, aquí non, é un servizo moi vivo, cambia, ao mellor, semanalmente varias veces, porque os usuarios é unha comunidade bastante sensible e bastante delicada, entre hospitalizacións e demais, poden variar bastante os horarios, por iso é tan complicado este servizo. Claro que está esa opción de privatizar, sempre estivo enriba da mesa, pero non só con nós, supoño que con calquera que collese o servizo, entendo que é a vía fácil, entendo que hai outras vías e entendo que, o feito de privatizalo, non evita o maior problema que hai neste servizo, que é a falta de profesionais. Estou de acordo, porque ademais seino por información profesional, que hai que valer para este traballo, non vale calquera, ten que gustar e moito, porque se xa ten que gustar coidar meniños, asegúrolle que este traballo está varios chanzos por riba das escolas infantís. Entón, efectivamente, é unha decisión política, vostedes tomaron agora a decisión política, a min gustárame que este pleno fose antes para debater e, logo, vostedes deciden, é unha decisión súa e terán que asumila estes tres anos, moléstame o feito de que non se traballase ao 100 % por parte do concelleiro, poderá criticar o que queira, pero eu, todas as semanas ou practicamente todas as semanas, reuníame con elas e, tentei, dentro das posibilidades económicas que había e vostede recoñeceu que na súa época non eran boas, na nosa tampouco, serían un pouquiño máis boas, o que queira, pero non se podían cubrir baixas, vostede sábeo, eu non fun capaz e non dependía de min, nin dos meus informes, sábeo e como non podía cubrir esa baixa, busqueime a vida, entón contratei unha traballadora social, porque sabía que non podía quedar así ese servizo, tiven a mala sorte de que na miña época houbo mogollón de baixas, certo e que lle vou facer? Son culpa miña tamén? Eu tentei buscar solución, era moitísimo mais fácil coller e privatizalo, porque é un rompedero de cabeza e, non se esqueza, levaba servizos sociais, educación e cultura, non é pouco, asegúrollo.

### **Sra. Fervenza Celestino:**

Só quero deixar aquí patente que estamos perdendo unha oportunidade de iniciar un cambio no que é a atención ás persoas maiores, gobernar tamén é a capacidade de prever e ver cara a onde vai o futuro dunha sociedade e creo que o futuro vai cara a protección e máis despois da pandemia e de como sufriron os maiores nesta crise, creo que isto é un grave erro e que era o argumento adecuado para un replanteamento do que queremos como sociedade e o estamos perdendo. E logo hai algo que eu quero deixar tamén claro, non é que nós non consideremos que o ciclo da auga non sexa importante, nin que o lixo non sexa importante, pero equiparar iso co servizo de axuda a nosos maiores, aos nosos avós, a min paréceme que deixa bastante claro a sensibilidade que ten uns e a que ten outros.

### **Sra. Deza Martínez:**

Non me gusta que terxiversen as miñas palabras e estanas terxiversando, evidentemente que non ten nada que ver unha cousa coa outra, eu simplemente quixen deixar claro que o ciclo da auga e eu tiña persoas dependentes ao meu cargo, polo tanto sei do que falo, é importante porque, se tes control sobre o ciclo da auga, é un ben esencial para todos, todos bebemos, todos nos duchamos, todos utilizamos a auga, entón, dicir cousas que non son, non e, por suposto, que o servizo de axuda no fogar é importantísimo, non o imos a discutir, agora, que diga Sandra “todo o mundo



tiña a privatización enriba da mesa, non é comparable un concello de 17.000 cun como Pontevedra”, é que eu non o estou comparando, estou dicindo que da nosa contorna somos o único concello, exceptuando Ribadumia, que estamos prestando o servizo de forma directa, ou sexa, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía, Marín, Cangas, Lalín, A Estrada, Silleda, Bueu, Cambados, O Grove, Meis, Poio, Barro, O Porriño, Mos, Soutomaior, Redondela, Tui, Catoira, Pontearreas, Forcarei, Cerdedo, Tomiño, Oia, e moitos outros máis que non vou citar, todos eses teñen externalizado o servizo, pero por que? Porque é un servizo moi especializado e, por iso, consideramos que é unha boa opción a xestión indirecta.

**Sr. Presidente:**

Sandra, erades once no cuadripartito, once concelleiros no goberno, polo tanto se tiñas tres concellerías algo fallaba, pódolle asegurar que ningún dos meus compañeiros está paradiño. A decisión que estamos hoxe a tomar é unha decisión que non é que queiramos facer porque temos poder e temos maioría, non, coas traballadoras falouse no seu momento, na outra etapa, a concelleira, o concelleiro, máis eu. Perdón, erades nove concelleiros no goberno, é igual. Quero dicir que é un servizo delicado, un servizo complicado, pero hai testemuñas dabondo, entre as propias traballadoras, de que lle dixemos como o podíamos solucionar entre todos e mesmo chegou a haber algunha votación. Eu non estou culpando ás traballadoras, hai familias que se queixan e non é culpa das traballadoras, nin culpa do goberno, que se cadra, lle van catorce persoas distintas a atender a un familiar, iso é moi complicado e cremos que con este sistema iso non vai seguir ocorrendo, tampouco vai ir, ao mellor, unha soa, pero vai baixar bastante iso. Nós, o que queremos, é ofertar un servizo de calidade aos veciños, cremos que vai ter máis calidade ese servizo, estou convencido de que se vostedes estivesen gobernando hoxe e estivesen a señora Rodríguez, a señora Fernández e a señora Fervenza sentadas aquí, farían o que estamos facendo nós hoxe, porque é polo ben do servizo, polo ben dos veciños que o usan, entón, grazas por escoitarnos e agora vamos a someter o punto a votación.

O **Sr. Presidente** di que a palabra externalización non existe, existe xestión directa ou indirecta.

O **Sr. Secretario** aludiu a que este punto foi redactado polos asinantes da solicitude de sesión e pediu concreción sobre o que se propón.

A **Sra. Fernández Agraso** puntualizou que quen está a favor e en contra da xestión indirecta deste servizo.

O **Sr. Presidente** someteu a votación quen estaba a favor da xestión indirecta do **Servizo de Axuda no Fogar**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor da xestión indirecta: 10 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

**Votos en contra da xestión indirecta: 7 (Grupo Municipal do PS de G-PSOE, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Abstencións: 0.**-----



Sendo as quince horas e cincuenta minutos, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**

